

PROCEDEMENTO: CT215E. Subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 10 de xaneiro de 2025, DOG núm. 6, publícase a Resolución do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT215E).

2. O día 10 de febreiro de 2025, rematado o prazo de presentación de solicitudes relacionadas no anexo I, procédese ao seu estudo, xunto coa documentación complementaria presentada e realízanse os pertinentes requirimentos, resultando inadmitidas e desistidas as solicitudes que se relacionan no anexo II.

3. Con data 16 de abril de 2025 reúnese a Comisión de Valoración, creada ao efecto, para avaliar as solicitudes que se relacionan no anexo III por ser as que cumpren co establecido nas bases da convocatoria.

4. Rematada esta reunión, a devandita Comisión, redacta a correspondente acta e o informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas, expresada de maior a menor, recollidas no anexo IV, en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases reguladoras. Este informe é elevado ao órgano instructor.

5. O día 12 de maio de 2025, unha vez instruído o procedemento e entregado o informe preceptivo por parte da comisión avaliadora, o director da Axencia Galega das Industrias



Culturais (en diante, Agadic), como órgano instrutor, emitiu informe e ditou unha proposta de resolución na que se indica o número de solicitudes presentadas, admitidas, as solicitudes susceptibles de percibir subvención e o importe económico que se propón para cada unha delas e as solicitudes inadmitidas e desistidas, respectivamente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para resolver a concesión da axuda o presidente do Consello Reitor da Agadic, de conformidade co disposto no artigo 18 da Resolución do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT215E).
2. A Resolución do 16 de decembro de 2024, establece que o presidente do Consello Reitor de Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do Acordo do 24 de xullo de 2021, DOG n.º 164), deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días dende a data da proposta de resolución.
3. Todos os expedientes de solicitudes de subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais recibidos ao abeiro da convocatoria para o ano 2025, co código de procedemento CT215E, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.
4. O día 16 de abril de 2025, a Comisión de Valoración reúne para avaliar as solicitudes conforme aos criterios de valoración expresados no artigo 16 da convocatoria e emite a súa acta e o correspondente informe.



5. Como resultado de todo o proceso, o director da Agadic emite informe e presenta a súa proposta de resolución de conformidade co artigo 18 das bases reguladoras, o día 12 de maio de 2025.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director da Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Inadmitir e desistir as solicitudes que se relacionan no Anexo II, polas causas indicadas en dito anexo.
2. Admitir as solicitudes que se relacionan no Anexo III por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.
3. Conceder a subvención, e polos importes que se expresan, ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo V.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O presidente do Consello Reitor de Agadic

José Carlos López Campos



ANEXO I

SOLICITUDES RECIBIDAS

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO
2025LI/001	Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FIC	G94146362	III Residencia FICBUEU
2025LI/002	Asociación Galega de Productoras Independentes	G15507239	IV Edición Formación AGAPI Impulsa Copros
2025LI/003	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670	Ventura, Plataforma Desenvolvemento de proxectos, FP e Foro Coproducción Internacional
2025LI/004	ESE8	G70232525	eSe8 LAB
2025LI/005	Asociación Cultural e Cinematográfica Novos Cinema	G94151610	Terra#LAB
2025LI/006	Asociación Cultural Albatros	G70080015	Intersección LAB
2025LI/007	Asociación Sindical Galega de Guionistas	G15591993	Titorías AGAG para mulleres guionistas
2025LI/008	Artyc Content, SL	B10742666	AI Lab Galicia
2025LI/009	Crea, Asociación Galega de Profesionais da Dirección	G15842842	Conecta Lab
2025LI/0010	Pela del Álamo Herrera	***3002**	Orbita Lab



ANEXO II

SOLICITUDES INADMITIDAS E DESISTIDAS

A) INADMITIDAS

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CAUSA INADMISIÓN
2025LI/008	Artyc Content, SL	B10742666	AI Lab Galicia	Incumprimento do artigo 2.1.2 e do artigo 4.2 das bases reguladoras

B) DESISTIDAS

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CAUSA DESISTIMENTO
2025LI/0010	Pela del Álamo Herrera	***3002**	Orbita Lab	Non ter achegado a documentación solicitada mediante requirimento enviado en data 27/02/2025.



ANEXO III

SOLICITUDES ADMITIDAS PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO
2025LI/001	Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FIC	G94146362	III Residencia FICBUEU
2025LI/002	Asociación Galega de Productoras Independentes	G15507239	IV Edición Formación AGAPI Impulsa Copros
2025LI/003	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670	Ventura, Plataforma Desenvolvemento de proxectos, FP e Foro Coproducción Internacional
2025LI/004	ESE8	G70232525	eSe8 LAB
2025LI/005	Asociación Cultural e Cinematográfica Novos Cinema	G94151610	Terra#LAB
2025LI/006	Asociación Cultural Albatros	G70080015	Intersección LAB
2025LI/007	Asociación Sindical Galega de Guionistas	G15591993	Titorías AGAG para mulleres guionistas
2025LI/009	Crea, Asociación Galega de Profesionais da Dirección	G15842842	Conecta Lab



ANEXO IV

SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA

Nº EXP	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	VALORACIÓN AUTOMÁTICA	VALORACIÓN TÉCNICA	TOTAL
AG/S/ 2025LI/ A/0003	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670	Ventura, Plataforma Desenvolvemento de proxectos, FP e Foro Coproducción Internacional	29,00	29,33	58,33
AG/S/ 2025LI/ A/0004	ESE8	G70232525	eSe8 LAB	28,00	28,00	56,00
AG/S/ 2025LI/ A/0009	Crea, Asociación Galega de Profesionais da Dirección	G15842842	Conecta Lab	29,00	26,00	55,00
AG/S/ 2025LI/ A/0002	Asociación Galega de Productoras Independentes	G15507239	IV Edición Formación AGAPI Impulsa Copros	27,00	21,33	48,33
AG/S/ 2025LI/ A/0006	Asociación Cultural Albatros	G70080015	Intersección LAB	27,00	20,50	47,50
AG/S/ 2025LI/ A/0005	Asociación Cultural e Cinematográfica Novos Cinema	G94151610	Terra#LAB	26,00	20,17	46,17
AG/S/ 2025LI/ A/0001	Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FIC	G94146362	III Residencia FICBUEU	22,00	22,50	44,50
AG/S/ 2025LI/ A/0007	Asociación Sindical Galega de Guionistas	G15591993	Titorías AGAG para mulleres guionistas	27,00	15,00	42,00



ANEXO V

SOLICITUDES SUBVENCIONADAS CON INDICACIÓN DO IMPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES

N.º EXP	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026
AG/S/ 2025LI/A/ 0003	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670	Ventura, Plataforma Desenvolvemento de proxectos, FP e Foro Coproducción Internacional	50.000,00 €	38.974,42 €	19.487,21 €	19.487,21 €
AG/S/ 2025LI/A/ 0004	ESE8	G70232525	eSe8 LAB	25.000,00 €	18.995,82 €	9.497,91 €	9.497,91 €
AG/S/ 2025LI/A/ 0009	Crea, Asociación Galega de Profesionais da Dirección	G15842842	Conecta Lab	50.000,00 €	38.867,94 €	19.433,97 €	19.433,97 €
AG/S/ 2025LI/A/ 0002	Asociación Galega de Productoras Independentes	G15507239	IV Edición Formación AGAPI Impulsa Copros	18.800,00 €	12.897,56 €	6.448,78 €	6.448,78 €
AG/S/ 2025LI/A/ 0006	Asociación Cultural Albatros	G70080015	Intersección LAB	50.000,00 €	33.567,76 €	16.783,88 €	16.783,88 €
AG/S/ 2025LI/A/ 0005	Asociación Cultural e Cinematográfica Novos Cinema	G94151610	Terra#LAB	25.500,00 €	16.639,01 €	8.319,50 €	8.319,51 €
AG/S/ 2025LI/A/ 0001	Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FIC	G94146362	III Residencia FICBUEU	19.700,00 €	12.390,39 €	6.195,20 €	6.195,19 €
AG/S/ 2025LI/A/ 0007	Asociación Sindical Galega de Guionistas	G15591993	Titorías AGAG para mulleres guionistas	16.000,00 €	7.667,10 €	3.833,55 €	3.833,55 €

